

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### BERGONDO

##### Secretaría

*Delegación de competencias do Pleno na Xunta de Goberno Local*

**Expediente. 2023/G005/000001**

O Concello Pleno en sesión extraordinaria celebrada o 27 de xuño de 2023, adoptou o seguinte acordo, que se fai público en cumprimento do establecido no artigo 51 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais:

«Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións:

1. O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.
2. A declaración de lesividade dos actos do Concello.
3. As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministracións, de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto ou a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter pluriannual cando a súa duración sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas, cando o importe acumulado de todas as anualidades supere a porcentaxe indicada referido aos recursos ordinarios do presuposto do primeiro exercicio ou a contía sinalada.
4. A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.
5. A celebración de contratos privados así como a adxudicación de concesións sobre bens do Concello e a adquisición de bens inmoebles e deritos suxeitos á lexislación patrimonial cando o presuposto base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto ou o importe de tres millóns de euros

**Segundo.-** As delegacións que se acordaron nos apartados anteriores suxeitaranse ao seguinte réxime xurídico:

- a) Os actos que o órgano delegado dite no exercicio das atribucións que se lle delegaron enténdense ditados polo órgano delegante, correspondendo a este, en consecuencia a resolución dos recursos de reposición que poidan interpoñerse.
- b) O exercicio das facultades por delegación deberá facerse constar nos acordos que se adopten, en conformidade co que dispón o artigo 9 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- c) O órgano delegante conservará as facultades de recibir información detallada da xestión da competencia delegada e dos actos e disposicións que emanen en virtude da delegación, e debe ser informado con anterioridade á adopción de decisións de trascendencia, de acordo co disposto no artigo 115 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.
- d) O Concello Pleno poderá revogar en calquera momento as delegacións que se efectúen seguindo as mesmas formalidades aplicadas para outorgalas.
- e) O Concello Pleno poderá avocar en calquera momento o coñecemento dun asunto determinado de acordo co que dispón o artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro.

**Terceiro.-** Este acordo adquire efectos desde o día seguinte ao da súa adopción e será publicado no Boletín Oficial da provincia da Coruña, en cumprimento do que dispón o artigo 44 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.»

Bergondo, 28 de xuño de 2023

A alcaldesa-presidenta

Alejandra Pérez Máquez